

O FUTURO DOS NOSOS MEDIOS PÚBLICOS

COMUNICADO CONXUNTO DAS ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS AUDIOVISUAIS SOBRE O NOVO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIOS PÚBLICOS DA XUNTA / CRTVG

Un comunicado da MESA DO AUDIOVISUAL GALEGO integrada por

Academia Galega do Audiovisual - AGA

Asociación de Actores e Actrices de Galicia - AAAG

Asociación Galega de Produtoras Independentes - AGAPI

Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización - CREA

Asociación Sindical Galega de Guionistas - AGAG

Cluster Audiovisual Galego - CLAG

Coordinadora Galega de Festivais de Cinema - PROXECTA



A Mesa do Audiovisual Galego, que aglutina as organizacións profesionais galegas representativas do sector audiovisual, **manifesta conxuntamente a súa preocupación ante o borrador de Anteproxecto de Lei de Servizos dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia para a Sociedade Dixital** presentado polo Consello da Xunta e actualmente en período de suxestións **por incluír elementos que na súa formulación actual implicarían un rexeitamento frontal do sector audiovisual galego no seu conxunto.**

En primeiro lugar desexamos manifestar con claridade que **ningunha das asociacións representativas do noso sector foi interpelada no “período de consulta” previo á elaboración do texto** do que non tivemos ningunha comunicación ata a publicación do mesmo o pasado 29 de xullo, dando isto inicio a un período inicialmente indicado como “de alegacións” e posteriormente como “de suxestións” que vence no propio mes de agosto, mes inhábil por excelencia. **Consideramos un elemento central de calquera reforma legislativa do eido audiovisual outorgar cando menos voz aos seus profesionais e empresas e desde este lugar establecemos as nosas consideracións ao respecto da proposta legislativa en cuestión.**

Este novo anteproxecto, que ten por obxecto substituír a actual *lei en vigor dos medios públicos (Lei 9/2011)* supón, na lectura literal que colectivamente facemos dos seus artigos, **un paso atrás na independencia e función social dos nosos medios.** Esténdese deste xeito a anomalía que supoñía o feito de que os elementos principais da lei aprobada no 2011 nunca foran desenvolvidos nestes anos, obviando a norma en vigor e deixando ir unha transitoriedade que chega ata hoxe. A nova norma estende esa anomalía e profúndaa con medidas que contraveñen as máis básicas funcións dos nosos medios públicos: **elimina o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos, afasta a elección do director xeral da procura do consenso e o acordo, nunha figura clave para unha das institucións máis importantes do país, e apunta unha proposta que en si mesma obriga a reformular o principio fundacional da CRTVG respecto da promoción da lingua galega e a súa difusión: a apertura da emisión de contidos en castelán.**

Como Mesa do Audiovisual Galego **consideramos que a relevancia dos nosos medios públicos como garantes da nosa lingua, o seu coidado e a súa difusión son unha liña vermella sobre a que non corresponden pasos en falso e si moita reflexión, explicación e compromiso.** É de todo inadmisíbel asumir unha proposta que bate na propia liña de flotación da nosa cultura audiovisual, máis se cabe nun momento no que as obras en galego rompen fronteiras nacionais e internacionais ao tempo que o uso da mesma entre a nosa poboación sofre retrocesos preocupantes.

Consideramos, así mesmo, que a **eliminación do Estatuto Profesional e do Consello de Informativos**, constituído por profesionais da propia empresa co propósito de garantir o control e a calidade dos contidos, **supón un evidente paso atrás no que ten que ver coa necesaria independencia dos medios públicos de Galicia.** O sistema de elección proposto para o *Consello Asesor de Participación Social e Profesional* tenta outorgar lexitimidade democrática e de representación a un órgano que nas condicións propostas non garante as debida independencia, pluralidade e capacidade crítica.

Afirmamos tamén con rotundidade que a **elección do director xeral, estrutura central da organización da CRTVG, debe realizarse co maior consenso posible atendendo aos principios de representación política e social, e incluíndo na rolda de consultas previas ás entidades que representen a realidade profesional, empresarial e cultural do sector audiovisual galego.** Dende logo, modificar a norma en vigor, para rebaixar a esixencia de acordo nesta elección, limitándoa a unha maioría absoluta no Parlamento, non responde ao que debera ser o afán de pluralidade democrática dos nosos medios públicos. E por suposto, extraer algo tan central para o funcionamento do medio do articulado da norma, disimulando esta cuestión na súa disposición adicional segunda, resúltanos cando menos discutible.

En definitiva, **consideramos que o anteproxecto de lei, na súa formulación actual, supón unha perigosa muda dos conceptos garantistas de control, de profesionalidade e de independencia da CRTVG recollidos na actual lei en vigor, ao tempo que pon en dúbida o seu labor central na protección e difusión da lingua galega na nosa sociedade.**

Por todo o exposto e desde a certeza de que os medios públicos constitúen un eixo fundamental para a transmisión da identidade cultural e lingüística galega e que o seu carácter de servizo informativo está regulado pola propia lei para que sexa independente e plural en todos e cada un dos seus órganos, **solicitamos en representación do conxunto do sector audiovisual galego as debidas explicacións ao respecto desta proposta anunciada pero non consultada.** E por isto, desde a Mesa do Audiovisual Galego, de forma colexiada en representación de todos os colectivos que a conforman, **solicitamos unha reunión de carácter urgente co Presidente da Xunta de Galicia D. Alfonso Rueda Valenzuela,** como representante da Presidencia da Xunta de Galicia, institución da que depende directamente a actual Corporación de Radio e Televisión de Galicia e desde a que se promove este novo anteproxecto.

Mesa do Audiovisual Galego
Agosto 2024

